FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcggfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 19 DE XUÑO DE 2020**

**ASISTENTES**

**ALCALDE**
José M. Alonso Pumar

**CONCELLEIROS/AS**
**GRUPO P.S.deG-PSOE:**

Jonathan I. Miranda Lucas
Alberto Iglesias Fraguela
Mª José Fraguela López
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

**GRUPO PP:**
Ana Mª López Fernández

**GRUPO MIXTO:**
X. Uxío Cerecedo González

**AUSENTES:**
Ana I. Fachal Fraguela
Mª Elisa Rodríguez Cornide
José Luís Pérez Pérez

**SECRETARIA:**
Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA ACTAL:**
Mª Carmen Fontela Cobelo

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día dezanove de xuño de dous mil vinte, reúnense os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

**ORDE DO DIA:**

**1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 07/02/20 e 09/03/20**

**2.- Ratificación, se procede, da aprobación de rectificación de solicitude POS + 2020, da solicitude do POS + Adicional 1/2020 e da solicitude do POS + Adicional 2/2020.**

**3.- Aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2020 (expdte 2020/X999/000042)**

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

…………………………………………………………………………………………………………………………………………………………

**1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 07/02/20 e 09/03/20**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 07/02/2020 e 09/03/2020, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta de 07/02/2020 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.
Con respecto á acta de 09/03/2020 Uxío Cerecedo realiza a seguinte observación: na acta non consta a súa asistencia por erro, cando realmente asistiu á sesión.
Con esta observación, a acta de 09/03/2020 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Carmen del Río Fraguela, por non asistir á mesma.

**2.- Ratificación, se procede, da aprobación de rectificación de solicitude POS + 2020, da solicitude do POS + Adicional 1/2020 e da solicitude do POS + Adicional 2/20**

Visto o ditame da C.I. de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo de data 16/06/2020, que di:

Visto o Decreto Alcaldía 169/2020, de 29/04/2020, polo que se aproba a rectificación do acordo plenario de 18/12/2019 sobre a participación do Concello de Cariño no POS + 2020, e que di:

*O Pleno da Deputación Provincial aprobou en sesión realizada o 25 de outubro de 2019, as bases de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2020 que se publicaron no B.O.P. Nº 208 de 31 de outubro de 2019.*

*Este Concello, en sesión extraordinaria que tivo lugar o 18 de decembro de 2019, acordou solicitar a participación no citado Plan.*

*Unha vez revisada a documentación remitida á Deputación Povincial, a finais de xaneiro requerironnos a subsanación da seguinte deficencia:*

*- No Anexo I, CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACION DO PLAN, no cadro da achega provincial 2019 e no cadro E) Resumo, o importe que figura para o proxecto* ***Novo parque en Feás e urbanización da travesía da rúa Rio Miño (33.358,78 €)*** *é diferente ao que figura na documentación da propia obra (33.358,22 €)*



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

*De todas formas este proxecto* ***recolle dúas actuacións que non son homoxéneas*** *xa que por un lado está a execución do parque e por outro a urbanización dunha travesía da rúa Río Miño que está lonxe deste. Na base 5.B.3.1. sobre Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas di expresamente que no caso de incluír varias obras (un proxecto) deberán ter carácter homoxéneo. Polo tanto,* ***o concello deberá substituír este proxecto por outro*** *no que non concorran estas circunstancias, tendo en conta que o importe mínimo dunha obra é de 30.000,00 €*

*Por outra banda, en canto ao proxecto incluido no Plan Complementario, o equipo de Asistencia Técnica a Municipios detectou deficiencias sobre unidades de obra non subvencionables, erros na xustificación de prezos, e xustificar a Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro sobre as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na CCAA de Galicia e a Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade, sendo necesaria a súa corrección e aprobación polo Pleno.*

*En consecuencia, encargouse a redacción dun novo proxecto acorde co sinalado para a anualidade de 2019 e a corrección do proxecto do plan complementario, para posteriormente aprobalos polo Pleno do Concello.*

*Logo de ver que como consecuencia do Decreto do Estado de Alarma, seguindo as instruccións da Fegamp do 15/03/2020 sobre o funcionamento dos concellos galegos como consecuencia do estado orixinado polo Covid 19, o 16/03/2020 por Resolución da Alcaldía nº 139/2020 acordouse a suspensión da celebración de órganos colexiados municipais..*

*O 30/03/2020 foinos remitido por parte do redactor Igor Vergara Otero, o novo proxecto a incluir no Pos 2020 denominado "Creación de parque en Feás e acondicionamento da zona de acceso", por importe de 33.358,22 €.*

*No día de onte, por parte de Proyfe, enviousenos correxido o proxecto de ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NAS RÚAS REAL, CARME, ANTIGA E CASTRO DE ARRIBA.*

*Logo de ver o disposto no artigo 21.1 da LRBRL, e as circunstancias excepcionais provocadas pola crise do Covid 19, pola presente RESOLVO:*

***PRIMEIRO****: Rectificar o acordo plenario do 18/12/2019 sobre a participación deste Concello no Pos + 2020, que queda redactado do seguinte xeito:*

*"Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020","achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":*



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



*A) Financiamento do pago a provedores:*

| | ***Capítulo II*** | ***Capítulo VI*** | ***Total*** |
|---|---|---|---|
| *Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | | | |
| *Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores* | - | | |
| ***Subtotal pago a provedores*** | *-0 €* | *-0 €* | *-0 €* |

***B ) Financiamento de gastos correntes:***

| | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *137.841,01 €* |
| *Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)* | *0 €* |
| ***Subtotal gasto corrente*** | *137.841,01 €* |

***C ) Financiamento de investimentos:***

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2020*** | ***Financiamento do investimento*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2020*** | *-0 €* | *-0 €* | *-0 €* |

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2019*** ***(Investimentos financeiramente sostibles)*** | ***Financiamento do investimento*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |
| *CREACIÓN DE PARQUE EN FEÁS E ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE ACCESO* | *33.358,22 €* | *0 €* | *33.358,22 €* |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2019*** | *33.358,22 €* | *0 €* | *33.358,22 €* |

| ***PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020*** | ***Financiamento do investimento*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Préstamo Deputación*** | ***Achega Concello*** | ***Orzamento total*** |
| ***Subtotal investimentos préstamo provincial 2020*** | *-0 €* | *-0 €* | *-0 €* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas*

***D) Redución de débeda con entidades financeiras:***



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARIÑO

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

| *Entidade financeira* | *Número/código do préstamo* | *PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda* |
|---|---|---|
| *Subtotal redución de débeda con entidades financeiras* | | *-0 €* |

*E) Resumo:*

| *SUBTOTAIS* | | *Deputación* | *Concello* | *Total* |
|---|---|---|---|---|
| *A- PAGO A PROVEDORES* | *Achega 2019* | *-0 €* | | *-0 €* |
| | *Achega 2020* | *-0 €* | | *0 €* |
| *B- GASTOS CORRENTES* | *Achega 2020* | *137.841,01 €* | | *137.841,01 €* |
| | *Achega 2019 (Excep. Base 2.2)* | *0 €* | | *0 €* |
| *C- INVESTIMENTOS* | *Achega 2020* | *0 €* | | *0€* |
| | *Achega 2019* | *33.358,22 €* | | *33.358,22 €* |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcggfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARIÑO

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | ***Préstamo 2020*** | *0 €* | | *0 €* |
| ***D- REDUCIÓN DÉBEDA*** | ***Préstamo 2020*** | *0 e* | | *0 €* |
| ***T O T A L*** | ***Achega 2020*** | *137.841,01 €* | | *137.841,01 €* |
| | ***Achega 2019*** | *33.358,22 €* | | *33.358,22 €* |
| | ***Préstamo 2020*** | *0 €* | | *0 €* |
| | ***TOTAL*** | *171.199,23 €* | | *171.199,23 €* |

*2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles*** <br> ***(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)*** | ***Orzamento*** |
|---|---|



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| *ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NAS RÚAS REAL, CARME, ANTIGA E CASTRO DE ARRIBA* | *477.781,87 €* |
| ***TOTAIS*** | *477.781,87 €* |

*3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.*

*5.- A cantidade destinada pola Deputación provincial a gasto corrente (137.841,01 €), será destinada polo Concello de Cariño a sufragar os gastos derivados dos servizos públicos obrigatorios que se detallan:iluminación pública, limpeza viaria e recollida de lixo.*

*6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

*7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*8.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

***SEGUNDO**.- Remitir á Deputación Provincial o proxecto e este acordo.*

***TERCEIRO.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria para a súa ratificación*

Visto o Decreto Alcaldía 197/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello de Cariño no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + Adicional 1/2020, e que di:



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O Pleno da Deputación Provincial con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o* ***POS+Adicional 1/2020*** *para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o* ***POS+Adicional 2/2020****, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles que se publicaron no B.O.P. Nº 66 de 5 de maio deste ano*

*Logo de ver a circular remitida a este Concello a primeiros de maio, no que nos comunican que a asignación provincial no Pos + Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19 correspondente a este Concello ascende a VINTECINCO MIL CENTO SETENTA E SEIS EUROS E CUARENTA E CATRO CÉNTIMOS (25.176,44 €)*

*Logo de ver que como consecuencia do Decreto do Estado de Alarma, seguindo as instruccións da Fegamp do 15/03/2020 sobre o funcionamento dos concellos galegos como consecuencia do estado orixinado polo Covid 19, o 16/03/2020 por Resolución da Alcaldía nº 139/2020 acordouse a suspensión da celebración de órganos colexiados municipais.*

*Visto o Decreto Alcaldía 159/2020, de 05/04/2020, polo que se avocan as competencias da Xunta de Goberno Local nesta Alcaldía, polas circunstancias excepcionais provocadas pola crise do Covid 19.*

*Logo de ver o disposto no artigo 21.1 da LRBRL, pola presente RESOLVO:*

***PRIMEIRO:***

*1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 1/2020"*** *da Deputación Provincial da Coruña****, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:*



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARIÑO

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

| | |
|---|---|
| *Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19* | *25.176,44 €* |

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS***<br><br>***DERIVADOS DO COVID-19***<br><br>***Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS 2020***<br><br>***(A)*** | ***ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS***<br><br>***(B)*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO***<br><br>***(Pode ser superior ao importe solicitado)***<br><br>***(A-B)*** |
|---|---|---|---|
| *a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia* | | | |
| *b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria* | | | |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcggfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARIÑO

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19* | | | *25.176,44 €* |
| | | | |
| *c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.* | | | |
| *d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados* | | | |
| *e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario* | | | |
| *f)Adquisición de medios de prevención (EPI).* | *6.676,44 €* | *0* | *6.676,44 €* |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARIÑO

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19* | | | *25.176,44 €* |
| *g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.* | | | |
| *h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que conten con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes* | | | |
| *i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.* | *20.000,00 €* | *0* | *20.000,00 €* |
| ***T O T A L*** | ***26676,44*** | | *26.676,44 €* |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

***TERCEIRO:** Ratificar o presente acordo no vindeiro Pleno corporativo.*

Visto o Decreto Alcaldía 198/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + ADICIONAL 2/2020, e que di:

*O Pleno da Deputación Provincial con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o **POS+Adicional 1/2020** para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o **POS+Adicional 2/2020**, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles que se publicaron no B.O.P. Nº 66 de 5 de maio deste ano.*

*Logo de ver a circular remitida a este Concello a primeiros de maio, no que nos comunican que a asignación provincial no Pos + Adicional 2/2020 para gastos correntes e/ou investimentos financieramente sostibles correspondente a este Concello ascende a NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS ONCE EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (94.411,65 €)*

*Logo de ver que como consecuencia do Decreto do Estado de Alarma, seguindo as instruccións da Fegamp do 15/03/2020 sobre o funcionamento dos concellos galegos como consecuencia do estado orixinado polo Covid 19, o 16/03/2020 por Resolución da Alcaldía nº 139/2020 acordouse a suspensión da celebración de órganos colexiados municipais.*

*Visto o Decreto Alcaldía 159/2020, de 05/04/2020, polo que se avocan as competencias da Xunta de Goberno Local nesta Alcaldía, polas circunstancias excepcionais provocadas pola crise do Covid 19.*

*Logo de ver o disposto no artigo 21.1 da LRBRL, pola presente RESOLVO:*

***PRIMEIRO:***

*Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2020"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

***A ) Financiamento de gastos correntes:***

| ***Gastos correntes*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *94411,65* |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcggfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | |

***B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:***

| *Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020* | *Financiamento dos investimentos* | | |
|---|---|---|---|
| | *Deputación* | *Concello* | *Orzamento total* |
| ***TOTAL*** | ***0*** | *0* | *0* |

| *Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020* | *Financiamento dos investimentos* | | |
|---|---|---|---|
| | *Deputación* | *Concello* | *Orzamento total* |
| ***TOTAL*** | ***0*** | *0* | *0* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.*

***C ) Resumo:***

| ***RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020*** | ***Financiamento*** | | |
|---|---|---|---|
| | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |
| ***Gastos correntes*** | ***94411,65*** | *22240,5* | *116652,15* |
| ***Investimentos incluídos no*** | *--* | | |



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***Plan Complementario ao POS+ 2020*** | | | |
| ***Investimentos non incluídos no***<br><br>***Plan Complementario ao POS+ 2020*** | -- | | |
| ***TOTAL*** | ***94411,65*** | *22240,5* | *116652,15* |

*2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.*

*4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

*5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

***SEGUNDO.-*** *Ratificar o presente acordo no vindeiro Pleno corporativo.*

En base ao exposto, elevo a CI a seguinte proposta de

**DITAME:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 169/2020, de 29/04/2020, polo que se aproba a rectificación do acordo plenario de 18/12/2019 sobre a participación do Concello de Cariño no POS + 2020.



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcggfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**SEGUNDO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 197/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello de Cariño no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + Adicional 1/2020.

**TERCEIRO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 198/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + ADICIONAL 2/2020.

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Deputación provincial da Coruña.

A Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e turismo, por tres votos a favor do PSdG, e dúas abstencións do PP e Grupo Mixto emite o seguinte

**DITAME:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 169/2020, de 29/04/2020, polo que se aproba a rectificación do acordo plenario de 18/12/2019 sobre a participación do Concello de Cariño no POS + 2020.

**SEGUNDO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 197/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello de Cariño no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + Adicional 1/2020.

**TERCEIRO:** Aprobar a ratificación do Decreto Alcaldía 198/2020, de 29/05/2020, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + ADICIONAL 2/2020.

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Deputación provincial da Coruña.

O Alcalde explica que no POS 2020 se incluía unha obra do parque de Feás, e que como había unha cantidade sobrante que se incluiu unha obra na rúa Miño. Engade que a Deputación puxo impedimentos , estimando que eran dous proxectos diferentes, polo que mandaron realizar un único proxecto, e incluiuse na mellora do parque, facendo un pequeno aparcamento.

Que con respecto ao POS Adicional 1, que está afectado a sufragar os gastos derivados do COVID 19, gastos relativos a desinfección de espazos públicos e compra de equipos de protección.

Que con respecto ao POS Adicional 2 que normalmente vai dirixido a obras financieiramente sostibles, pero que este ano se aplica a gasto corrente.

Engade que como hai concedida unha subvención da IDEA e que o Concello ten que aportar con fondos propios arredor de 160.000 euros, que este POS, que son 92.000 se vai a aplicar a iso, ao alumeado, e así sae máis barato.



Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

FIRMADO POR José Miguel Alonso Pumar (FECHA: 25/06/2020 09:46:00) , Alejandra Pardo Vázquez (FECHA: 25/06/2020 09:58:00)
Versión imprimible
CVD: wPKk/nbQ9wGmpldcqgfD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Di que se trae a Pleno a proposta para ratificala xa que os acordos tiveron que ser adoptados por Decreto ao estar suspensos os órganos colexiados co Estado de alarma.

Uxío Cerecedo dilles que hai que intentar facer os proxectos ben, e ler ben as bases para saber o que se pide. Que os POS adicionais que lles parece ben, e que non é que se aforre en alumeado senón que os cartos van para iso. E engade que o Concello debería asumir esas obras pequenas con fondos propios, xa que os trámites son menos complexos.

Ana Mª López comenta que eles sempre van a apoiar os proxectos que supoñan melloras para o Concello.

